

Aprobada polo pleno da Corporación de data vinteseite de febreiro de dous mil tres.
Publicada no BOP núm. 141 de data 21 de xuño de 2003.

ORDENANZA DE OBRAS E SERVIZOS NO DOMINIO PÚBLICO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proliferación de instalación de servizos e de infraestructuras de telecomunicacións, así como a súa incidencia no benestar social e na paisaxe urbana e natural do concello, unido á existencia de determinada normativa reguladora do medio natural, das telecomunicacións e da disciplina urbanística, xustifican a elaboración e aprobación por parte desta administración dunha ordenanza municipal propia para regular estes temas.

Esta ordenanza regula a instalación de servizos públicos e de telecomunicacións así como a coordinación entre eles, en aras de evitar a existencia continua de obras en vías públicas.

Tamén se tipifican as infraccións e se recolle o réxime sancionador para elas.

TÍTULO I: INSTALACIÓNS DE SERVIZOS E INSTALACIÓNS DE INFRAESTRUCTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS. ASPECTOS XERAIS

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

A presente ordenanza regula:

1. As conducións na vía pública
 - a. A planificación das instalacións para conducións na vía pública de servizos públicos de subministros de tódalas clases e das obras e condicións necesarias para o seu establecemento, trazado, conservación, supresión, substitución, modificación ou traslado.
 - b. A execución das obras para o establecemento das instalacións.
 - c. A inspección da ocupación da vía pública, das instalacións e da execución das obras.
 - d. A ocupación da vía pública, por mor das devanditas obras e instalacións no ámbito do termo municipal.
 - e. A titularidade das conducións.
 - f. O réxime sancionador aplicable.
2. O emprazamento e instalación da infraestrutura de telecomunicacións, constituídas por instalacións de telefonía móbil persoal e outros servizos de telecomunicación e difusión.
 - a. O establecemento das condicións de protección do dominio público radioelétrico.
 - b. A autorización, planificación e inspección de instalacións radioelétricas.
 - c. Os límites de exposición ás emisións e á avaliación dos equipos e aparellos.
 - d. Os límites de exposición para a protección sanitaria e a avaliación de riscos por emisións radioelétricas.
 - e. O réxime sancionador aplicable.

Artigo 2.- Licenza municipal

A execución de obras no dominio público para a instalación de conducións de servizos públicos de subministros, e para a instalación de infraestructuras de telecomunicacións, require a licenza municipal, que terá por obxecto aprobar o trazado proposto polo titular da instalación, así como as características de ditas obras, a súa forma e o prazo de execución das mesmas. Outorgarase de conformidade co previsto no artigo 168 da Lei do solo de Galicia, e no artigo 1 do regulamento de disciplina urbanística, así como a demais lexislación complementaria.

Artigo 3.- Inspección municipal

1. As obras autorizadas estarán sometidas á inspección municipal, que abranguerá:
 - a. Iniciación na data sinalada.
 - b. Cumprimento dos prazos de execución e demais condicións que figuren na licenza de obra.
 - c. Calidade e forma de realización da obra.
 - d. Reposición dos elementos urbanos afectados.
 - e. Realización de traballos en óptimas condicións de seguridade e saúde.
 - f. Conservación posterior das instalacións permanentes.
2. As empresas concesionarias e os titulares das instalacións quedan obrigadas á realización á súa costa de cantas operacións sexan necesarias para a localización e identificación das instalacións, perante a administración municipal.

TÍTULO II: INSTALACIÓNS DE SERVIZOS

CAPÍTULO II: PLANIFICACIÓN

Artigo 4.- Plano de actuación das empresas de servizo.

1. Para garantir a adaptación das instalacións dos servizos públicos, en cada momento, ás esixencias do desenvolvemento urbano e ao planeamento urbanístico, así como á consecución dos niveis mínimos de cantidade, calidade e seguridade establecidos nas disposicións xerais, cada cantidade explotadora de servizos públicos redactará un plan, a escala 1:5000, que conterá os seguintes extremos:
 - a. Estimación das necesidades futuras, tendo en conta o previsible incremento da demanda dos distintos subministros.
 - b. Situación dos centros produtores ou distribuidores dos subministros.
 - c. Sinalamento das liñas xerais de transporte e distribución das estacións especiais: de transformación, conversión, redución de presión, etc. específicas de cada rede.
 - d. Previsión das obras a realizar para garantir os subministros permanentes nun prazo de catro anos.
2. Estes planos de actuación das diferentes compañías, serán sometidos ao Concello para o seu exame, coordinación e aprobación, facendo coincidir esta información coas revisións do Plano xeral vixente.

Artigo 5.- Programa de canalizacións

1. Co obxecto de coordinar a actividade das compañías subministradoras entre si e a súa relación coa actuación municipal, as empresas de servizos deberán presentar á administración municipal, antes do trinta de novembro de cada ano, un programa das instalacións que, segundo o plano previsto, proxecten realizar na vía pública durante o ano seguinte, a escala 1:1000.

O servizo municipal competente propoñerá a súa aprobación ou as modificacións que sexan necesarias no programa de cada empresa, en orde á coordinación de tódalas compañías, previamente á resolución, darase audiencia ás compañías afectadas, para que informen sobre as razóns que poidan xustificar o mantemento do programa orixinal.

2. O programa de obras revisarase cada trimestre, en reunión coas compañías de servizo.

Artigo 6.- Coordinación de actuacións.

1. Os servizos técnicos municipais poderán fixar, á vista do programa aprobado, e nos lugares da cidade nos que teña prevista a súa actuación máis de unha compañía, as datas e condicións necesarias para obter unha actuación coordinada das empresas interesadas, de forma que nun só prazo de execución, sen solución de continuidade, se realicen as diversas instalacións proxectadas, debendo nomear os produtores un coordinador de seguridade e saúde.

De xeito análogo procederáse cando nun mesmo lugar estea prevista, no programa de actuación, a realización de instalacións dun servizo municipal (sumidoiros, semáforos, iluminación pública, rede de datos, etc.) e no programa anual de instalacións, a realización de instalacións dalgunha empresa.

Nas licenzas de obra que se expidan farase constar expresamente o condicionamento oportuno para garantir a necesaria coordinación.

2. As empresas subministradora de servizos que dispoñan as súas instalacións no subsolo, estarán obrigadas, previo requirimento municipal, a realizar os traballos necesarios que garantan esta coordinación.
3. Establécese unha duración máxima de cinco días para coordinar toda obra non programada ou de urxencia. O servizo municipal competente poderá propoñer a ampliación ou redución dos prazos das obras, en función de circunstancias especiais que se manifesten na solicitude da licenza, ou que xurdan durante a execución da obra, reclamando os informes necesarios dos departamentos municipais que puidesen estar afectados.

CAPÍTULO III.- INSTALACIÓNS DE SERVIZOS

Artigo 7.- Modalidades

1. A instalación das redes xerais de subministros na vía pública efectuarase mediante conduccións:
 - a. Galerías de servizos
 - b. Caixóns de servizos ou galerías non visitábeis.
 - c. Tubulares
 - d. Enterrados.
 - e. Cámaras de rexistro
 - f. Arquetas
 - g. Elementos en superficie
2. Non se permitirán instalacións en forma distinta ás descritas neste capítulo, agás casos excepcionais debidamente xustificadas, e previa autorización expresa da Alcaldía ou en quen esta delegue, que só poderá concedela con carácter estritamente provisional, previo compromiso da empresa titular da instalación de trasladala ao seu cargo no momento de ser requirida a iso pola administración municipal.

Artigo 8.- Conduccións de auga

1. Toda conducción de augas no interior da poboación farase mediante entubado subterráneo de materiais especialmente impermeables e resistentes que permitan a circulación a presión, eviten toda contaminación e soporten o tránsito, As súas características deberanse axustar ao establecido na Orde do 28 de xullo de 1974, polo que se aproba o "PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS XERAIS PARA ENTUBADOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA".
2. Os depósitos particulares de auga serán de materiais inatacables, de impermeabilidade e resistencia axeitadas, debendo manterse sempre a cuberto de toda posible contaminación. Prohibese en ditos depósitos o uso de materiais nocivos para a saúde.

Artigo 9.- Conduccións de gas

1. As construcións serán necesariamente subterráneas.
2. Cumprirase a normativa técnica e as disposicións regulamentarias aplicables en cada caso, que veñen establecidas na Orde do 18 de novembro de 1974 (Industria) polo que se aproba o regulamento de redes e acometidas de combustibles gasosos.

Artigo 10.- Conduccións eléctricas

1. Os cables destinados para o transporte de subministro de enerxía eléctrica, para iluminación ou forza, e especialmente os de alta tensión, deberán colocarse no subsolo da vía pública e illados de todo material combustible.
2. As conduccións eléctricas han cumprir as disposicións regulamentarias en vigor, que veñen recollidos nos regulamentos electrotécnicos de alta e baixa tensión e instrucións técnicas complementarias.
3. As empresas e particulares que subministren ou se sirvan de fluídos eléctricos, terán a obriga de adoptar os aparellos de seguridade que o Concello coide necesarios, ou que a ciencia ou a práctica o aconsellen.
4. Nos centros de transformación, os cables de alta tensión que empalmen a liña xeral co transformador, ademais de ir tendidos subteraneamente, dispoñeranse de maneira que non poida haber contacto ningún con eles, cumpríndose en todo momento as disposicións regulamentarias de aplicación neste tipo de locais.
5. Cando estando en funcionamento un transformador se producisen reclamacións da veciñanza por molestias, ruídos e trepidacións, o Concello ordenará á empresa ou particular dono do transformador a adopción de medidas que eviten as incomodidades denunciadas e, se no termo de tres meses non se procedese a facelas desaparecer, deixarase sen efecto o permiso de instalación do transformador e suspenderase o seu funcionamento.

Artigo 11.- Conduccións de telecomunicacións

As liñas telegráficas telefónicas, informáticas e de telecomunicación en xeral, deberán instalarse no subsolo sempre que sexa posible, e con suxeición ao que dispón o Real Decreto-lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación e Real Decreto 279/1999, do 22 de febreiro, polo que se aproba o seu regulamento. Entenderase que toda instalación aérea que teña a posibilidade de se instalar no subsolo, que trala promulgación desta ordenanza continúen a desobedecer o precepto regulamentario, terán que substituír o tendido aéreo mediante postes por subterráneo nun prazo non superior a seis meses, transcorridos os cales o Concello poderá proceder a suprimir os tendidos aéreos mediante postes, realizando a costa de ditas compañías e empresas as canalizacións necesarias.

Artigo 12.- Situacións, profundidade e distancia mínimas.

1. As conduccións, cando non se instalen en galerías de servizos, visitables ou non, situaranse á profundidade que se indica a continuación, sempre que sexa posible: Clase de servizo/Profundidade libre mínima respecto ao nivel da rasante en metros. Electricidade A.T./1 metro Electricidade B.T./0.80 metros Iluminación pública e tránsito/0.40 metros en beirarrúa e 0.60 metros en calzada. Gas/0.60 metros en beirarrúa e 0.80 metros no resto. Auga/1 metro en calzada Telecomunicacións e outras conduccións por rúa/0.25 metros+prisma de formigón de 0.30 metros.
2. Poderán autorizarse as conduccións a profundidade distinta da indicada no parágrafo anterior en casos absolutamente xustificados a xuízo da administración municipal, sempre que se adopten as medidas complementarias de seguridade que en cada caso se sinalen nas regulamentacións específicas de cada servizo.
3. As distancias mínimas entre conduccións de distintos servizos, tanto se discorren paralelas coma se non, non poderán ser inferiores a 0.40 metros, sempre que sexa posible.

Esta distancia mínima:

- a. Será medida entre as xeratrices exteriores de ámbolos dous conductos.
- b. Poderá ser ampliada nos casos nos que a administración municipal o estime conveniente por razóns de seguridade.
- c. Poderá ser reducida cando non sexa posible respectala, sempre que as instalacións sexan especiais e debidamente protexidas e illadas, mediante a aplicación dos medios que en cada caso determine a administración municipal e se axusten ao prescrito nos regulamentos correspondentes.

Artigo 13.- Condicións técnicas

1. As conduccións deberán reunir as condicións técnicas e elementos de protección e seguridade establecidos polas normas vixentes, ou que nun futuro se dicten, así como as indicadas de forma específica en cada caso.
2. Nas liñas aéreas que subsistan ou se autoricen con carácter provisional no futuro:
 - a. A altura mínima dos conductores desde o solo en ningún caso será inferior á establecida na normativa vixente.
 - b. Os postes e soporte, que en ningún caso se poderán colocar na calzada da vía pública, deberán ser especiais para o servizo e reunir as características axeitadas para garantir a continuidade do subministro e a seguridade do persoal obreiro e de terceiros.

Excepcionalmente, poderá autorizarse que a liña de subministro e instalacións provisionais, se apoie en elementos existentes e non destinados a dita función, sempre que se cumpran as condicións mínimas de seguridade que esixen as disposicións vixentes, baixo a exclusiva responsabilidade da empresa, as condicións especiais que se determinen pola administración municipal e, en todo caso, as condicións seguintes:

- Garantía de integridade para os soportes.
- Aspecto estético o máis discreto posible.
- Catálogo de edificios de PGOM
- Os postes deberán colocarse en aliñación con fachadas colindantes e, substituírense de forma inmediata a cargo da empresa titular, toda vez que sexa posible a súa instalación en fachada ou canalizada.
- Calquera clase de riesta, vento, dados de cimentación ou outro tipo de obstáculos que poidan afectar ao tránsito dos peóns, deberán quedar a unha distancia mínima de seis metros do eixe do camiño ou senda peonil.
- Os conductores que entrañen risco a persoas colocados en soportes suxeitos aos edificios próximos aos mesmos, terán que ser inaccesibles desde os tellados, terrazas, ventás, balcóns e elementos análogos das edificacións.
- Non poderán autorizarse en ningún caso instalacións de tendidos aéreos, nin postes ou soporte contiguos ou suxeitos a edificios artísticos, históricos, arqueolóxicos, típicos ou tradicionais incluídos no catálogo a que se refire a Lei do solo.

CAPÍTULO IV.- LICENZAS

Artigo 15.- Obtención

Toda obra de canalización da vía pública necesita licenza municipal previo pagamento dos dereitos correspondentes, tanto polo outorgamento das licenzas coma pola utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público, e no seu caso, pola prestación doutros servizos de competencia local.

Artigo 16.- Clases de licenza de obra

1. De canalizacións para instalacións, substitución, modificación, traslado ou supresión de conduccións que formen parte da rede xeral de servizos (comezo de obras).
2. De cata na vía pública ou remoción do pavimento, para reparar avarías ou desperfectos nas conduccións ou instalacións dos servizos que teñan carácter de urxente ou unha lonxitude no maior de seis metros (avaría).

Artigo 17.- Tramitación e obtención das licenzas

1. A solicitude de licenza de comezo de obras para canalizacións na vía pública pode ser presentada por unha empresa de servizos ou por particulares, debendo constar (agás os servizos municipais, que só achegarán memoria, planos, plan de traballo e director de obra), dos seguintes documentos:
 - a. Por empresas de servizos:
 - Instancia de solicitude
 - Memoria

- Planos da canalización que se vai realizar en soporte papel e informático sobre cartografía dixital, en formato DGN.
 - Características da gabiá: lonxitude total, anchura media, profundidade media, etc.
 - Planos dos servizos doutras empresas existentes na zona.
 - Plano de traballo.
 - Estudio básico de seguridade e saúde.
 - Orzamento das obras e instalacións.
 - Nome do director da obra.
 - Sinatura e selo da empresa solicitante.
 - Xustificante de posuír un seguro que cubra o risco de danos a terceiros ou ao propio concello.
- b. Por particulares:
- Instancia de solicitude.
 - Memoria
 - Planos da canalización que se vai realizar sobre cartografía municipal
 - Plano de traballo e duración estimada das obras
 - Estudio básico de seguridade e saúde
 - Orzamento das obras e instalacións
 - Informe da empresa que vai subministrar o servizo para o que se vai executar a canalización.
 - Folla de dirección técnica profesional correspondente
 - Xustificante de posuír un seguro que cubra o risco de danos a terceiros ou ao propio concello.

En ámbolos dous casos se indicará expresamente na memoria:

- Se se ha prohibir ou limitar a circulación (especificándose polo miúdo nos planos a sinalización, regulamentación e circulación proposta).

Unha vez aprobada a autorización e fixada a fianza correspondente, presentárase o impreso de comezo das obras por cuádruplicado indicando no mesmo:

- Data na que se replantearon os traballos en presenza do técnico municipal designado para o efecto.
- Lonxitude en metros da canalización
- Cruzamento de rúas
- Situación en beirarrúa ou calzada
- Data de inicio e remate da obra

E acompañado da seguinte documentación:

- Planos ou bosquejos da situación da obra, claros e concisos
- Fotocopia acreditativa do depósito da fianza.
- Plano de traballo

Unha vez rematadas as obras autorizadas presentárase un escrito dando conta desta circunstancia, acompañando planos en planta e sección da obra final, asinados pola dirección da mesma, ao tempo que se insta á devolución da fianza correspondente.

2. A solicitude de licenza de cata ou remoción de pavimento tramitárase con carácter de urxencia mediante a presentación do documento de avaría, por cuádruplicado, indicando no mesmo:

- Empresa solicitante (endereço, CIF, teléfono, Fax)
- Persoa que representa á empresa (endereço, NIF, teléfono, Fax)
- Lonxitude da zona afectada (menor de seis metros)
- Situación da beirarrúa ou calzada, rúa e número de policía da apertura.
- Empresa contratista.
- Prazo de execución

A solicitude deberá ir acompañada do plano ou bosquejo de situación, claros e concisos.

O Concello poderá solicitar proxecto completo ou outros documentos que aclarasen máis a obra.

Artigo 18.- Limitacións

A licenza que dispense o Concello non dá dereito sobre o terreo ocupado pola vía pública ou bens públicos.

CAPÍTULO V.- EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CANALIZACIÓN

Artigo 19.- Condicións previas

1. Estarase ao disposto no Capítulo III desta Ordenanza.
2. Manterase na obra a correspondente licenza de execución, visada pola Área de Infraestructuras quen dará conta á policía municipal
3. Deberá terse amoreamento de pavimentos, tanto de beirarrúas coma de calzadas antes do comezo das obras.
4. Terase cartel indicativo das obras en execución e da empresa promotora de traballos, segundo modelo municipal.

Artigo 20.- Condicións técnicas

1. No referente á derruba, escavación, recheo e reposición de pavimentos nas gabias que transcorran pola calzada estarase ao disposto nos artigos 49,50,51 e 53 da presente Ordenanza.
2. Os cruzamentos das calzadas efectuaranse causando a menor perturbación posible ao tránsito rodado.
3. No referente á derruba, escavación, recheo e reposición de pavimentos nas gabias que transcorran polas beirarrúas estarase ao disposto nos artigos 52 e 53 da presente Ordenanza.
4. Nos casos en que pola natureza da obra, emprego de maquinaria, estado das beirarrúas ou calquera outra razón fundamentada así se considere necesario, indicarse como condición adicional a reposición total das beirarrúas, que incluíra a substitución dos bordos se procedese, procedendo nestes casos á súa colocación á altura prevista para beirarrúas novas. Así mesmo, poderase impoñer a condición de reposición total naquelas calzadas con pavimento de formigón que, a xuízo do servizo competente, así o requiran, obrigándose nestes casos á reposición de lousas completas entre xuntas lonxitudinais ou bordos en elementos en bo estado.
5. Nos casos nos que as obras afecten a unha superficie de beirarrúa superior a un 40% a empresa ou empresas promotoras han repoñer a totalidade da baldosa similar á existente na beirarrúa, de supoñer a gabia un estrago material e estético.
6. Toda empresa promotora de traballos de canalización que discorran por superficie de beirarrúa verase obrigada a conectar á súa costa, as baixadas de pluviais dos edificios á rede de recollida xeral ou, no caso de non existir esta, canalizar a devandita baixada cara ao bordo da beirarrúa.
7. En toda aquela obra que discorra pola calzada e con posterioridade á reposición do pavimento, repoñerase segundo o seu estado orixinal a sinalización horizontal, tanto a que fose afectada parcialmente coma a totalidade dela no caso das calzadas de aglomerado asfáltico que reciban tratamento de lechada bituminosa en carrís completos, precisándose neste caso o visto e prace do técnico municipal competente.

Artigo 21.- Condicións de seguridade e hixiene

1. Cumprirse o establecido no ESOP98 (estudo xeral de seguridade e saúde para obras públicas municipais).
2. Deberán observarse tódalas medidas de hixiene e seguridade no traballo, así como a seguridade de peóns e vehículos. A estes efectos, as obras deberán cumprir coa seguinte normativa:
 - o Vixente código da circulación

- Lei de prevención de riscos laborais (Lei 31/1995, do oito de novembro).
 - RD 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
 - RD 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade nas máquinas, así coma toda instrución técnica complementaria de dito regulamento en vigor.
3. Disporanse pasos peonís en perfectas condicións de seguridade a distancias máximas de 50 metros e noutros puntos intermedios que así o fagan necesario, así coma o seu sentido lonxitudinal e paralelo á canalización.
 4. Disporanse os colectores necesarios para o amoreamento de materiais e terras que se vaian utilizar, debidamente estacionados.
 5. Para os residuos procedentes da construción ou derruba, estarase ao disposto no Decreto 352/2002, do 5 de decembro polo que se regula a produción destes residuos.
 6. A zona de traballo comprenderá un tramo non superior a 50 metros de lonxitude.

Artigo 22.- Limitacións e prevencións.

1. Non se poderán realizar canalizacións dentro dos catro anos seguintes á recepción provisional de obra nova de pavimentación de calzadas, e de dous anos en canto a beirarrúas, cando a empresa de servizos renunciase á actuación conxunta.
2. Non se poderá conceder ningún sinalamento de obra nova se a entidade solicitante se atopase fóra de prazo na realización doutras obras, ou incorrese na súa execución nalgunha anomalía sen corrixir.
3. Sen embargo, en casos excepcionais, poderá autorizarse a concesión de licenza sen suxeición ás regras establecidas nos apartados anteriores, pero no caso do apartado 1, o solicitante deberá repoñer o pavimento da vía nas condicións e amplitude que fixe a inspección municipal.
4. Se as obras impidisen ou restrinxisen a circulación coordinaranse previamente coa policía municipal as vías por onde deberá desviarse a mesma e a súa sinalización.
5. No caso de ter que empregarse nas obras vehículos ou maquinaria especial que poidan afectar ao pavimento, sinalaranse os itinerarios que aqueles deban seguir e as medidas de seguridade que se deban adoptar.

Artigo 23.- Calendario

As licenzas de obras poderán fixar o calendario destas, as condicións de execución, os materiais e maquinaria a empregar, data de comezo e remate das mesmas, horario de traballo, quendas obrigatorias continuas para intensificar este, así coma calquera outra condición, co fin de garantir a seguridade da circulación de peóns e vehículos e reducir ao mínimo as molestias ao cidadán. Este calendario deberá poñerse en coñecemento da área de seguridade cidadá nunca menos de 48 horas antes do comezo da obra.

Artigo 24.- Obrigas do titular da licenza

O titular da licenza estará obrigado:

- a. Ao cumprimento das normas establecidas nesta Ordenanza, en canto ás características das instalacións e á forma de execución das obras, e ás condicións especiais que se establezan na propia licenza.
- b. Á constitución da fianza regulada por esta ordenanza.
- c. Á indemnización dos danos e prexuízos que a consecuencia das obras poidan ocasionarse a terceiros ou ao municipio, con motivo da colocación, retirada e durante o período de vixencia da licenza. Igualmente responderá dos danos derivados do incumprimento da cláusula relativa á obriga de manter o pavimento en perfecto estado de conservación e os elementos practicables da instalación.
- d. A designar un técnico competente responsábel da dirección da obra.
- e. Á comprobación do replanteo, previo ás obras, comunicando a data do mesmo con suficiente antelación.
- f. A exhibir a licenza a petición dos funcionarios locais para o cal estará presente na obra en todo momento.

- g. A atender as ordes e instrucións que poidan impartir os funcionarios locais designados para o efecto.

Artigo 25.- Extinción da licenza

As licenzas de obra quedarán sen efecto:

- a. Aos seis meses desde a notificación ao interesado.
- b. Cando o seu ritmo de execución non se adaptase ás prevencións específicas que contivese a licenzia, ou á que sexa normal segundo o uso en obras da mesma clase.
- c. Por incumprimento das medidas establecidas nesta Ordenanza.
- d. Por incumprimento das cláusulas que figuran na licenza de obra.

Extinguida a licenza, o titular da mesma deberá repoñer a vía pública ao estado no que estivese antes de comezarse as obras. De non o realizar, sen demora ningunha, procederá a efectualo a administración municipal a custa do obrigado.

Artigo 26.- Fianza

1. Previamente á expedición da licenza de obras, o solicitante deberá constituír unha fianza que fixará a administración para responder de:
 - a. O custo de reposición dos pavimentos e instalacións, beirarrúa, árbores, xardíns e demais elementos urbanísticos danados, incluídos os pavimentos de rúas non afectados directamente pola execución das obras, pero que por ser inmediatas ou vías de acceso á zona de obras, sufrisen danos por careceren das condicións necesarias para soportar o peso da maquinaria empregada na obra.
 - b. Os danos e prexuízos que os devanditos elementos urbanísticos poidan sufrir como consecuencia da execución das obras.
 - c. Os gastos ocasionados pola desviación do tránsito.
2. Na constitución da fianza previa teranse en conta as seguintes normas:
 - a. Cada ordenanza unicamente poderá garantir as obrigas correspondentes a unha soa obra.
 - b. Cando a licenza para unha soa obra se solicite solidaria ou mancomunadamente por varias entidades, a fianza será única e conxunta para todas.
 - c. A fianza poderase constituír en metálico ou mediante aval bancario.
3. Para a valoración dos danos causados ao arboredo terase en conta: a súa idade, corpulencia, dificultade de reposición e a mingua do seu desenvolvemento biolóxico.
4. A constitución da fianza poderá ser efectuada anualmente, segundo o volume de obra realizada pola compañía no ano inmediato anterior ao convenio previo baseado na planificación aprobada.

Artigo 27.- Execución das obras.

1. Para a execución das obras, o titular da licenza deberá dispoñer do comezo de obras ou reparación de avaría, onde constan o emprazamento, a clase de obra a realizar (canalización, conexión e/ou acometida ou reparación da avaría), as datas de inicio e remate dos traballos, obrigas de coordinación con outras empresas así como as distintas disposicións fixadas pola área de infraestructuras. Este documento debe estar a pé de obra, e o executor das obras debe exhibilo a requirimento da inspección municipal ou da policía municipal.
2. As obras efectuaranse segundo o proxecto aprobado. Se na execución das obras a entidade atopase entorpecemento no subsolo que impidise o trazado previsto, comunicarllo á administración municipal e someterase, no seu caso, ás indicacións que se formulen por esta.
3. O contratista elaborará, previamente ao comezo da obra, o plano de seguridade e saúde se fose obrigado, dando conta da notificación do comezo da obra.

Artigo 28.- Replano

Antes de comezar as obras, serán replaneadas sobre o terreo polo director das mesmas, polo técnico municipal ou o inspector en quen delegue esta función e por un técnico de cada unha das empresas que han coordinar os seus traballos na zona.

Realizaranse de modo que se ocasionen os menores prexuízos ás infraestruturas colindantes, ao arboredo, xardíns, iluminación, sinais de circulación, a calquera outro elemento de urbanización ou ás instalacións de toda clase existentes.

No caso de calzadas con pavimentos de especial interese ou por esixencias do tránsito, poderase esixir a condición de efectuar os traballos en mina (topo).

Nas obras en que sexa aconsellable, pola súa duración, molestias á veciñanza, volume económico ou amplitude, adoptaranse as medidas excepcionais de planeamento, obras accesorias, sinalizacións e circulación que, previo estudo, determine a administración municipal.

Cando o Concello esixa, en casos especiais, o establecemento de quendas continuas, mesmo de noite ou a intervalos determinados, coa obriga de establecer provisionalmente a circulación a horas convenientes, a empresa de servizos ou particular deberá achegar os medios auxiliares de iluminación, sinais de circulación, de seguridade e demais adicionais que se precisen, utilizando maquinaria axeitada para a diminución de ruídos.

Artigo 29.- Normas de valado e sinalización

Tódalas obras deberán ter valos indicadores, cun rótulo normalizado segundo as prescricións do capítulo IX da presente Ordenanza.

O Concello poderá adoptar un sistema de valado normalizado para todas e/ou cada unha das compañías de servizos públicos, no que se diferencie claramente se as obras corresponden a traballos programados ou á reparación de avarías.

Artigo 30.- Executor das obras

1. As obras poderán realizarse polo titular da licenza directamente ou mediante empresa especializada, debéndose acreditar en todo caso a dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios para a boa execución dos traballos, e indicar o nome do técnico competente responsable dos mesmos.

Os titulares das licenzas ou empresas contratistas deberán dispoñer dun equipo que comprenderá, como mínimo, os elementos de compactación mecánica, albanelería, pavimentación, transporte e demais, suficientes para executar os traballos nos prazos sinalados.

Non poderán realizar as obras os contratistas que estivesen incapacitados como consecuencia de cualificación desfavorable nalgunha obra ou servizo e, mentres dure o período de incapacitación.

2. O recheo de gabias e a reposición de pavimentos poderase realizar, previa xustificación e requirimento, pola administración municipal, a custa do titular da licenza.
3. A execución das obras axustarase estrictamente ao calendario e horarios aprobados.
4. A administración municipal, por razóns de interese público, poderá introducir durante a execución modificacións ao plano de obras, tanto se afectasen ao calendario ou ao horario coma ás quendas de traballo ou maquinaria que se empregue.
5. Se por causas xustificadas non fose posible iniciar as obras na data fixada no sinalamento, a entidade poderá solicitar da administración municipal o seu aprazamento.

Igualmente, se na execución da obra a entidade atopase entorpecementos no subsolo que estime han impedir o cumprimento do prazo fixado para a rematar, solicitará da administración municipal a prórroga oportuna, con xustificación das causas alegadas. Dita solicitude deberase realizar 24 horas antes de rematar o prazo indicado no sinalamento.

En ámbolos dous casos a administración municipal fixará o novo sinalamento de datas para realizar os traballos.

Os encargados das obras deberán ter a disposición dos axentes da autoridade municipal, o documento de sinalamento de datas no que figurará o calendario e horario aprobados, debéndoo exhibir cando fosen requiridos para iso.

Artigo 31.- Apertura e recheo de gabias e amoreamentos na vía pública.

1. Non poderá procederse ao recheo de gabias e reposición do pavimento sen telo notificado á inspección técnica municipal coa antelación suficiente para que esta poida efectuar as oportunas comprobacións. A inobservancia deste requisito poderá dar lugar a que se ordene o baleirado da gabia a cargo do titular da licenza.
2. Todo recheo de gabia deberá acadar unha densidade do 95% do ensaio "Próctor Modificado" en calzadas e do 90% en beirarrúas.
3. Nas vías sen firme os recheos deberán igualmente compactarse ó 95% do "Próctor Modificado", aínda que o resto do terreo viario non acade este límite.

Artigo 32.- Reposición provisional do pavimento

1. Non haberá solución de continuidade entre os traballos de recheo da gabia e os de reposición do pavimento. Cando por circunstancias especiais haxa solución de continuidade, deberase construír sempre un pavimento provisional segundo o previsto no capítulo IX. A empresa deberá vixiar en todo momento a conservación dos firmes provisionais e, dun xeito especial, en casos de choiva ou outras incidencias.
2. Para cada obra, a máxima lonxitude de gabia sen pavimento provisional ou definitivo será de 30 m²; poderá ser de 150 metros ou superior, previa xustificación, sempre que non afecte a cruzamentos da calzada.
3. A pavimentación provisional efectuarase inmediatamente á compactación da gabia.

Artigo 33.- Reposición de pavimentos.

1. Os materiais empregados na reposición do pavimento deberán cumprir o prego municipal de prescricións técnicas xerais para a execución de obras (PPTG98) vixentes do concello e, no seu defecto, o prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG 3-75), do MOPU.
2. A reposición definitiva do pavimento efectuarase segundo as prescricións contempladas no capítulo IX desta Ordenanza.

Artigo 34.- Pasaxes para eivados/as

Nas obras de canalización que discorran por cruzamentos de rúas que afecten a pasos de peóns e que non dispoñan de pasaxes limitadas para eivados/os nos pasos de peóns, estes construíranse polo titular da licenza. Efectuará a reposición considerando o acabado da rampla.

Onde exista proxecto municipal de substitución de pavimento de beirarrúas por exemplo, por baldosa ornamental, deberana realizar en todo o seu ancho á súa costa.

Artigo 35.- Sinalización horizontal

A sinalización horizontal que se vise afectada por unha obra repoñerase na súa totalidade tan pronto como o permita a capacidade do pavimento base.

Artigo 36.- Recepción das obras

1. En tódalas obras de canalizacións das compañías de servizos públicos, unha vez rematadas totalmente as obras, remitirase, no prazo de unha semana unha fotocopia do último documento de comezo de obra, na que constará de forma salientable a data real de remate da mesma.
2. Previa á recepción das obras, a compañía deberá achegar os resultados dos ensaios de calidade realizados no transcurso das diferentes fases das obras por laboratorio homologado. Ditos ensaios afectarán á compactación de gabias, reposición do pavimento e materiais empregados.
3. As obras ás que se refire o apartado anterior, terán un período de garantía de doce meses, a contar desde a súa recepción provisional. Durante dito prazo, a empresa vixiará e coidará o bo estado da obra, procedendo ás necesarias reparacións que ordene a administración municipal. En todo caso, quedará a salvo a indemnización dos danos e prexuízos que procedesen, durante o prazo de dez anos que sinala o artigo 1591 do Código Civil, se a obra se arruina por vicios da construción ou por ter infrinxido as condicións da licenza.
4. Nun prazo máximo de quince días despois de rematada a obra, entregarase un exemplar da documentación técnica, que reflicte fielmente os traballos realizados.

CAPÍTULO VI.- CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE INSTALACIONES

Artigo 37.- Conservación de galerías de servizos.

No caso de utilizáranse galerías de servizo para as conduccións, a conservación das mesmas será a cargo das empresas que as utilicen, en proporción ao uso que das mesmas faga cada unha.

Artigo 38.- Prevención de danos na vía pública.

Para evitar danos aos elementos da vía pública, as compañías concesionarias dos servizos deberán manter as instalacións en perfecto estado de conservación, mediante o estricto cumprimento das normativas técnicas vixentes na materia.

Artigo 39.- Indemnizacións.

1. Tódolos danos que se ocasionen a elementos urbanos ou a terceiros, como consecuencia de avaría nas conduccións ou neglixente funcionamento das instalacións, deberán ser indemnizados pola empresa propietaria, que deberá ter concertado un seguro que cubra ditos riscos.
2. Así mesmo, anualmente, o servizo municipal de parques e xardíns formulará unha relación das árbores e plantacións danadas por obras ou mala conservación de conduccións coa súa valoración, que elevará á Alcaldía, para os efectos de seren substituídos a costa da compañía propietaria da conducción.

Artigo 40.- Reténs de emerxencia.

1. As empresas e entidades que teñan instalacións na vía pública, deberán dispoñer dun retén permanente de persoal, convenientemente dotado e perfectamente localizable mediante telefonía celular, suficiente para reparar inmediatamente os desperfectos e as avarías que lle afecten á vía pública.
2. Tan pronto como a empresa concesionaria teña coñecemento de calquera avaría nas conduccións, deberá desprazar ao lugar onde se producise, os elementos de retén que xulgue necesarios segundo a importancia da avaría, para reparala sen dilación, e proceder no seu caso á adopción das medidas urxentes de precaución necesarias para a seguridade pública.

Artigo 41.- Reposición de tapas

As tapas de acceso, rexistro e manobra, deberanse repoñer no prazo máximo de doce horas de coñecida a súa destrución ou desaparición, debéndose adoptar mentres as debidas condicións de seguridade para o tránsito e para os peóns.

CAPÍTULO VII.- CATAS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 42.- Definición

Conceptuarase cata e estará sometida a licenza municipal toda obra de apertura da vía pública ou remoción do pavimento para reparar avarías ou desperfectos e toma de datos nas conduccións ou instalacións dos servizos, que non rebase os seis metros lineais de canalización.

Artigo 43.- Licenzas

1. A entidade propietaria das instalacións afectadas pola avaría, deberá solicitar licenza para a apertura da cata de que se trate, manifestando:
 - a. Clase de avaría.
 - b. Tipo de cata, o seu emprazamento, dimensións e demais características.
 - c. Bosquexo de situación. No caso de que pola súa importancia dea lugar a unha canalización: plano da obra, clase e superficie do pavimento que ha ser destruído, materia e maquinaria que se vaia empregar na obra de reposición, debendo tramitar inmediatamente o expediente de canalización correspondente, nas condicións indicadas no capítulo V desta Ordenanza.
 - d. Duración previsible da obra.

2. Segundo os datos consignados na solicitude e o resultado da inspección efectuada, a administración concederá licenza de obras, na que fixará a duración máxima das obras e a súa forma de execución.
 - a. No caso de que sexa necesaria a apertura dunha cata con carácter de urxencia, a compañía deberá comunicar polo medio máis rápido, mesmo por Fax, aos servizos municipais competentes, o alcance da avaría e as súas consecuencias previsibles, dando aviso, así mesmo á policía local de non ser esta a que denunciase a avaría.
 - b. O mesmo día ou, de non ser posible, o primeiro día hábil seguinte reiterarase, esta vez por escrito, a comunicación aos servizos municipais competentes e solicitude da licenza correspondente.

CAPÍTULO VIII.- TRASLADO, MODIFICACIÓN OU SUPRESIÓN DE INSTALACIÓNS

Artigo 49.- Apertura de gabia

1. Derruba do pavimento.

A derruba do pavimento realizarase mediante o emprego do equipo axeitado para cada circunstancia, que pode pasar desde o emprego de maceta e escarpa para derrubas esmeradas que esixan a non alteración do entorno, ata o emprego de maquinaria pesada como pode ser o martelo compresor ou a retroescavadora.

Previamente ao comezo de cada derruba realizarase o corte da zona a derrubar mediante serra de disco para evitar que a influencia da derruba deteriore o pavimento contiguo.

O contratista estudará cal é o equipo idóneo para garantir unha rápida e eficaz realización da derruba do pavimento.

Os produtos desta derruba serán tratados segundo o que dispón o Decreto 352/2002, do 5 de decembro, polo que se regula a produción de residuos da construción e derruba.

2. Baleirado da gabia.

O baleirado ou escavación da gabia realizarase mediante o emprego do equipo máis axeitado, de forma que garanta a súa máis rápida execución dentro das normas de seguridade e hixiene no traballo esixen, máxime tendo en conta a posíbel presenza de instalacións no subsolo.

Os materiais produto da escavación que non sexan susceptibles de seren empregados no posterior recheo, trataranse consonte ao disposto no Decreto 352/2005, polo que se regula a produción de residuos da construción e derruba. Os materiais extraídos que sexan aptos para a súa utilización no recheo da gabia, depositaranse en colectores expresamente dispostos para o efecto, e debidamente estacionados, polo que queda expresamente prohibido o seu depósito en colectores dedicados á recollida selectiva normal do Concello.

En todo caso, cumpriranse as prescricións da vixente ordenanza relativa á limpeza na execución destes traballos.

Artigo 49.- Recheo de gabias

1. Produtos da propia escavación:

Cando se determine a idoneidade dos produtos procedentes da escavación para a realización de recheo, estes poderán ser utilizados. Estes materiais cumprirán as especificacións de solo seleccionado.

2. Materiais de aportación:

Cando a natureza dos mesmos recomende o rexeitamento dos materiais procedentes da escavación, o recheo da gabia realizarase con materiais de aportación, que cumpran as especificacións de solo seleccionado, preferiblemente materiais reciclados.

O estendido, tanto dos produtos procedentes da propia escavación coma dos materiais de aportación realizarase por capas de reducido espesor que garantan, cos medios utilizados, obter o grao de compactación mínima esixido, que será do 95% en beirarrúas e do 100% en calzadas, do ensaio do Próctor Normal.

Nos casos especiais, e a requirimento da dirección facultativa, poderase esixir o recheo das gabias con balastro, debéndose acadar neste caso unha compactación equivalente ao 98% do Próctor modificado.

Artigo 50.- Reposición dos pavimentos en zonas rodadas

Os materiais empregados deberán cumprir o prego de condicións técnicas vixentes do concello e, no seu defecto, o prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-75) do MOPU e as súas posteriores revisións.

Tódalas reposicións efectuadas terán unha garantía de 12 meses a partir da data de remate das obras.

1. Pavimento de mesturas bituminosas en quente.
 - a. Reconstruírse todo o espesor do pavimento na zona afectada, máis de 30 centímetros, como mínimo, a cada lado da zona deteriorada.
 - b. A reposición do pavimento realizarase mediante unha base de formigón compactado por vibración de tipo HN-25 (de resistencia característica 250kg/cm² de 20 cm de espesor sobre o terreo compactado al. 100% do próctor normal. Sobre esta base realizarase un rego de imprimación con emulsión asfáltica e estenderase unha capa de rodadura de 7 cm de espesor de mestura bituminosa en quente que quedará perfectamente enrasada co pavimento existente.
 - c. Naqueles casos nos que a gabia discorra pola calzada ocupando parcial ou totalmente algún carril de circulación, estenderase en todo o ancho do carril unha capa de lechada bituminosa con posterioridade ao remate dos traballos de reposición do pavimento de modo que a execución da gabia sexa imperceptible.
 - d. O tipo de aglomerado asfáltico en quente para capa de rodadura será o denominado como D-20 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG3-75), con áridos de calidade axeitada.
 - e. O estendido do aglomerado farase mecanicamente. Só cando iso non sexa posible, se permitirá o estendido manual en pequenas superficies e posterior compactado mecánico.
2. Pavimento de formigón en masa.
 - a. Nas rúas que teñan o pavimento de formigón, as reposicións faranse en todo o ancho da superficie afectada pola derruba máis de 30 cm a cada lado, sempre que a distancia deste bordo non sexa inferior de un metro ata a xunta ou remate do pavimento máis próxima, en tal caso repoñerase ata o antedito final da lousa. O corte e derruba destes pavimentos realizarase unha vez rematado o recheo e compactación da gabia.
 - b. O pavimento da reposición será cando menos das mesmas características do existente ou, como mínimo, constará dunha capa de regularización de 10 cm de espesor de formigón HM_25 (de resistencia característica de 250 kg/cm²) que quedará perfectamente enrasada co pavimento existente.

Darase continuidade a tódalas xuntas tanto lonxitudinais como transversais interceptadas mediante serrado do formigón endurecido, sempre antes de que poidan aparecer gretas de retracción.

- c. Cando o estado da calzada e a lonxitude ou circunstancias da canalización así o aconsellen, engadirase, nas condicións especiais que acompañen ao expediente, a condición "reposición total de lousas" o que obrigará á reposición do pavimento por lousas completas segundo a distribución existente de xuntas.
3. Pavimento de lastrado sobre formigón.

- a. Para determinar a superficie de reposición do pavimento afectado, tomaranse 30 cm de cada lado dos bordos da rotura.
 - b. A reposición farase de todo o espesor do pavimento e será das mesmas características do construído no seu día.
 - c. A reposición axustarase ás rasantes da calzada e procurarase que sexa imperceptible para a circulación rodada.
4. Pavimento lastrado sobre beirarrúa
 - a. Para determinar a superficie de reposición do pavimento afectado, tomaranse 50 cm a cada lado dos bordos da rotura.
 - b. A reposición farase de todo o espesor do pavimento e será das mesmas características do construído no seu día.
 - c. A reposición axustarase ás rasantes da calzada e procurarase que sexa imperceptible para a circulación rodada.
 5. Outros tipos de pavimentos.

A reposición daqueles pavimentos non mencionados expresamente neste artigo, farase construindo un tipo de pavimento de características iguais ao existente, sempre coa aprobación da dirección facultativa.

Artigo 51.- Reposición de beirarrúas

Na reposición de beirarrúas, estarase ao disposto nas condicións técnicas municipais vixentes. A reposición do pavimento realizarase coas mesmas características có existente, respectando os modelos e cores dos distintos tipos de baldosa, formigón impreso ou outros, respectando sempre as rasantes lonxitudinais e transversais.

Cando o estado da beirarrúa e a lonxitude ou circunstancias da canalización así o aconsellen, engadirase nas condicións especiais que acompañan ao expediente a condición "reposición total de beirarrúas", o cal inclúe a reposición do bordo e o seu novo emprazamento a 15 cm de altura sobre o nivel da rasante da calzada.

Artigo 52.- Reposición provisional

1. Cando transcorran máis de 24 horas en calzadas e 48 horas en beirarrúas, entre o recheo da gabia e a reposición definitiva do pavimento, deberá construírse, inmediatamente despois de rematar as obras de recheo, un pavimento provisional con formigón ou aglomerado en frío, deixando as superficies ao mesmo nivel cás antigas e totalmente limpas. No caso de que o prazo sexa inferior ao citado anteriormente, inmediatamente despois do recheo da gabia, poderase cubrir con terras ata o nivel do pavimento, ou ben taparse con pranchas, deixando totalmente expedita a superficie.
2. A empresa deberá vixiar en todo momento a conservación dos firmes provisionais.

Artigo 53.- Protección dos elementos arquitectónicos, ornamentais e arborado.

A totalidade dos elementos instalados nas beirarrúas, que puidesen quedar afectados polo trazado da canalización, serán respectados, debendo repoñerse aqueles que accidentalmente puidesen resultar danados.

Prestarase especial atención ao arborado, debendo regar periodicamente as árbores, cos seus propios medios, sempre que este servizo non se poida prestar normalmente desde o exterior da zona en obras.

Tamén haberá realizar a empresa á súa costa as obras de protección do arborado e as plantacións que puidesen ser afectadas. A distancia mínima que cómpre respectar entre o bordo da gabia e o arborado non será, en planta, inferior a un metro.

Artigo 54.- Tapas de rexistros

Cando a canalización que se vaia realizar inclúa a implantación en superficie dalgún elemento como reixas ou tapas de rexistro, estas:

- a. Serán metálicas, preferentemente de fundición dúctil cando vaian instalarse nas calzadas ou doutro material homologado que teña durabilidade e resistencia axeitadas para soportar as inclemencias meteorolóxicas e as cargas producidas pola roda dun camión en marcha. A roda, estaticamente, considerarase coma unha carga puntual de 5000 kg en zonas rodadas (calzadas e pasaxes) e de 1000 kg en zonas peonís (beirarrúas).

- b. Colocaranse sempre ao mesmo nivel do solo, en perfecta unión co solo circundante, e de modo que non exista perigo, tanto para o tránsito peonil coma para o rodado.
- c. Nas beirarrúas, as tapas deberanse adaptar á modulación do pavimento.

En calquera caso, darase cumprimento á normativa vixente.

Artigo 55.- Prazos de tempo para as reposicións.

Para a reposición definitiva dispoñeráse dun prazo de tres días, a partir da data de remate dos traballos de recheo da gabia e reposición provisional nun punto determinado, limpando o entorno da obra.

Artigo 56.- Ocupación da vía pública.

Para a situación da "caseta de obra" e o almacenamento de materiais, ferramentas e medios auxiliares, estudarase un emprazamento estratéxico que minore esta incidencia negativa, aproveitando as zonas que non son utilizadas regularmente polo tránsito, o cal ha ser aprobado polo técnico municipal competente, achegándose os seguintes datos:

- Solicitante
- Contratista
- Referencia de obra
- Número de licenza
- Situación de emprazamento
- Área de ocupación
- Nome do solicitante
- Teléfono de contacto do solicitante
- Tempo estimado de ocupación

Coidarase expresamente a planificación do traballo de forma que se reduza ao mínimo tempo de permanencia en obra destes elementos. Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo có estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.

O seu almacenamento será coidadosamente ordenado, reducindo ao imprescindible o espazo ocupado en planta.

A seguridade e comodidade do tránsito peonil formalizarase dispoñendo un corredor de anchura non inferior a 80 cm, xunto á fachada e lonxitudinalmente a ela.

Cando a anchura da beirarrúa non permita simultaneamente a apertura da gabia e conservar o devandito paso lonxitudinal de 65 cm de ancho para peóns, habilitarase para a calzada un corredor das devanditas características, con derivacións cara á fachada, fronte a cada un dos accesos inmoables.

Nas interseccións da canalización cos pasos peonís de cruzamento de calzada, manterase en todo momento expedito, cando menos na metade da súa anchura, o paso peonil.

Cando os pasos de peóns teñan que salvar algunha gabia aberta, esta cubrirase con pranchas metálicas que teñan suficiente rixidez para soportar a incidencia do tránsito peonil, e que sexan inamovíbeis no seu uso.

Artigo 57.- Valado

Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie viaria, supoñerá un obstáculo que haberá ser protexido con valos.

Estes obstáculos poderán ser, tanto a referida "caseta de obra" coma os materiais, maquinaria, ferramentas ou medios auxiliares que poidan estar almacenados, as propias gabias e os materiais amoreados.

A protección de todos estes elementos será continua en todo o seu perímetro e por mediación de valos consistentes unidos entre si, suficientemente estables e perfectamente aliñados.

Este valado significará a delimitación dos espazos destinados a cada un dos tres usos que nos ocupan: tránsito peonil, tránsito rodado e a obra de canalización, de acordo coas especificacións do apartado anterior.

Artigo 58.- Sinalización

As esixencias do mantemento do tránsito peonil e rodado, obrigan a dispoñer unha sinalización vertical materializada en sinais regulamentarias de tránsito e en carteis indicadores, que garantan en todo momento información suficiente para a seguridade de peóns, automóviles e do propio persoal da obra.

Os sinais de tránsito a dispoñer serán como mínimo as esixidas polo propio Código de circulación.

Toda sinalización e valado estará suficientemente iluminada durante as horas nocturnas, mediante elementos luminosos de cor vermella ou amarelo -ámbar.

Artigo 59.- Información

A información ao usuario transmitirase a través de carteis indicadores normalizados segundo modelo aprobado polo Concello, ou/e anuncios nos medios de comunicación.

CAPÍTULO X.- INSPECCIÓN MUNICIPAL

Artigo 60.- Inspección permanente e de obras

A administración municipal exercerá a inspección e vixilancia para velar polo cumprimento do disposto nesta Ordenanza.

A inspección terá por obxecto:

1. Con carácter permanente:
 - a. Comprobar que a ocupación da vía pública se exerce dentro dos límites de espazo e tempo sinalados na licenza, e de conformidade co establecido nesta Ordenanza.
 - b. Comprobar o estado de conservación das instalacións en canto corresponda á competencia municipal.
2. Durante a realización das obras:
 - a. Comprobar a súa forma de execución, tanto no relativo ás súas características técnicas coma á seguridade durante a ocupación transitoria do solo na vía pública, a fin de que unhas e outras se adapten ás condicións da licenza e ao disposto nesta Ordenanza.
 - b. A área de seguridade recibirá información do plano de obra e xerará a modificación do plano de obra cando as necesidades do tránsito o demanden.
 - c) Comprobar a reposición dos elementos urbanísticos danados como consecuencia das obras.

Artigo 61.- Libro de obras e incidencias.

Cando a importancia da obra o requira, a xuízo da administración municipal, deberase levar un libro de obra ou incidencias no que se farán constar as inspeccións realizadas e o seu resultado de acordo co ESOP-98 e o PPTG-98.

Artigo 62.- Comunicación ás empresas afectadas

Os membros da policía local e os servizos municipais competentes, avisarán ás empresas ou entidades propietarias das conduccións, de toda avaría que observen na vía pública.

O disposto no parágrafo anterior non releva ás empresas da súa obriga de ter organizado o seu propio servizo para a vixilancia das instalacións e comprobación nas avarías que se produzan.

TÍTULO III.- INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓNS DE TELEFONÍA MÓBIL E OUTROS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS E DE DIFUSIÓN

CAPÍTULO XI.- CONDICIÓN DE INSTALACIÓN

Artigo 63.- Programa de implantación e de desenvolvemento

Os operadores de radiocomunicación estarán suxeitos á aprobación dun Plano de Implantación e Desenvolvemento do conxunto de toda a rede dentro do termo municipal.

Dito plano proporcionará a información necesaria para a adecuada integración destas instalacións na ordenación medioambiental e territorial e, asegurar o cumprimento das limitacións establecidas na lexislación vixente.

Artigo 64.- Contido do plano de integración e desenvolvemento

1. O Plano ha conter con carácter xeral:
 - a. O esquema xeral da rede, indicando os principais modos e localización da cabeceira, enlaces e posibles alternativas.
 - b. A descrición dos servizos prestados e das tecnoloxías empregadas.
 - c. O programa e o calendario de execución das novas instalacións.
2. O Plano ha conter para cada emprazamento:
 - a. A disposición do terreo, accesos e subministros.
 - b. A cualificación urbanística do solo, afeccións medio ambientais e do patrimonio histórico-artístico.
 - c. A posibilidade de uso compartido.
 - d. A definición da tipoloxía das instalacións para cada emprazamento, mencionando: a xustificación da solución técnica proposta, a altura do emprazamento e das antenas do sistema radiant, a área de cobertura, a marxe de frecuencias e potencia de emisión, o número e tipo de antenas, así como calquera outro requisito de carácter técnico esixido pola lexislación vixente.
 - e. A previsión de áreas de nova implantación de equipos xustificando a cobertura territorial prevista.
 - f. A incidencia dos elementos visibles da instalación sobre os elementos que se consideran protexidos e que afectan á paisaxe urbana ou ao contorno medio ambiental nos supostos nos que a situación se realice en solo rústico.
3. A información gráfica sinalará os lugares de emprazamento, con coordenadas UTM e sobre a cartografía seguinte:
 - a. A escala 1:25000 para instalacións que se empracen en demarcación non urbana.
 - b. A escala 1:2000 para instalacións que se empracen en demarcación urbana.
4. A presentación do Plano de Implantación e Desenvolvemento farase por triplicado e deberá acompañarse da correspondente solicitude cos requisitos formais de carácter xeral que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 65.- Criterios de implantación.

Na planificación das instalacións radioeléctricas, os titulares das mesmas deberán ter en consideración, entre outros criterios, os seguintes:

- a. O emprazamento, características e condicións do funcionamento das estacións radioléctricas deben minimizar os niveis de exposición do público en xeral ás emisións radioeléctricas con orixe tanto nestas coma, no seu caso, nos terminais asociados ás mesmas, mantendo unha axeitada calidade do servizo.
- b. As instalacións deberán utilizar a mellor tecnoloxía dispoñible, sempre que sexa compatible coa minimización do impacto visual e do medio natural.
- c. Os planos de implantación axustaranse aos correspondentes proxectos técnicos, aprobados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, cando se trata de servizos finais ou portadores e de difusión, de conformidade co que prevén os artigos 13,14,17,25, e 26 da Lei de ordenación das telecomunicacións.
- d. As empresas operadoras presentarán un seguro de responsabilidade civil que cubra de maneira ilimitada as posibles afectacións aos bens ou ás persoas. Este seguro cubrirá cada instalación, e non poderá ser un seguro xenérico da totalidade das mesmas. Anualmente presentarán o recibo acreditativo da renovación da póliza.
- e. No caso de instalacións de estacións radioeléctricas en cubertas de edificios residenciais, os titulares das instalacións radioeléctricas procurarán, sempre que sexa posible, instalar o sistema emisor de maneira que o diagrama de emisión non incida sobre o propio edificio, terraza ou ático.
- f. O compartimento de emprazamentos podería estar condicionado pola conseguinte concentración de emisións radioeléctricas.

- g. De maneira particular, a situación, características e condicións de funcionamento das estacións radioelétricas deben minimizar, na maior medida posible, os niveis de emisión sobre espazos sensíbeis, tales como escolas, centros de saúde, hospitais ou parques públicos.

Artigo 66.- Tramitación

1. O Plano de implantación someterase a información pública durante un mes, mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), nun xornal de gran circulación e no taboleiro de anuncios municipal. Os gastos que xeren estas publicacións serán a cargo do solicitante.
2. Na tramitación será preceptivo o informe favorábel de quen teña atribuídas as competencias urbanísticas e medio ambientais do Concello.
3. A competencia para resolver a solicitude correspóndelle ao alcalde ou ao órgano que legalmente teña atribuída a competencia para o outorgamento de licenzas de actividade.
4. A aprobación deste Plano de Implantación será condición indispensable para que os municipios poidan outorgar as licenzas pertinentes para o establecemento das instalacións. A concesión dunha licenza municipal sen a previa aprobación administrativa do Plano será nula de pleno dereito.

Artigo 67.- Actuación e modificación do Plano de Implantación

Os operadores deberán comunicar calquera modificación no contido do Plano de Implantación presentado, solicitando, no seu caso, ao órgano competente para a súa aprobación, a actualización e correspondente aprobación para poder proceder a facer efectivos ditos cambios.

Artigo 68.- Vixencia

Os Planos de Implantación terán unha vixencia de dous anos. Transcorrido este prazo, os operadores adaptarán o plano ou presentarán un novo de cobertura actualizada.

CAPÍTULO XII.- LÍMITES DE EXPOSICIÓN E CONDICIÓN DE PROTECCIÓN

Artigo 69.- Límites de exposición ás emisións radioelétricas. Restriccións básicas e niveis de referencia.

No cumprimento do disposto no artigo 62 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións e no desenvolvemento da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, de acordo coa Resolución do Consello de Ministros de Sanidade da Unión Europea, do 12 de xullo de 1999 e coa finalidade de garantir a adecuada protección da saúde do público en xeral, aplicaranse os límites de exposición que figuran no anexo II do Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioelétrico.

Os límites establecidos cumpriranse nas zonas nas que poidan permanecer habitualmente as persoas e na exposición ás emisións dos equipos terminais, sen prexuízo do disposto noutras disposicións específicas no ámbito laboral.

Artigo 70.- Normas de protección ambiental. Prohibicións e limitacións nas instalacións.

1. Queda prohibida a presenza de instalacións de radiocomunicación nos centros hospitalarios e xeriátricos, centros educativos, escolas infantís e en todos aqueles espazos que se definan regulamentariamente como de especial risco.
2. Con carácter xeral, e sen prexuízo da normativa específica, non poderán establecerse instalacións de radiocomunicación nos bens inmoables de interese cultural declarados monumentos pola Lei do patrimonio histórico e nos espazos naturais protexidos cualificados coa categoría de microreservas e monumentos naturais pola Lei de conservación da natureza.
3. Limitaranse as instalacións nos conxuntos histórico-artísticos, zonas arqueolóxicas e xardíns declarados como bens de interese cultural, así coma no resto de categorías de espazos naturais protexidos, obrigándose a incorporar as medidas de mimetización ou as solucións específicas que minimicen o espazo visual.

Artigo 71.- Outras restricións aos niveis de emisións radioelétricas

Sen prexuízo da remisión que se realizou aos límites de exposición ás emisións radioelétricas contempladas no artigo 6 do Real Decreto 1066/2001, toda estación virá limitada nos seus niveis de emisión por calquera das seguintes condicións:

- a. A existencia de interferencias prexudiciais ou incompatibilidades con outros servizos de telecomunicacións previamente autorizados ou con outros servizos públicos esenciais.
- b. As limitacións impostas polo Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.
- c. A existencia, fóra de zona de servizo autorizada á estación, de niveis de intensidade de campo electromagnético superiores aos máximos establecidos.

Artigo 72.- Obriga de compartir emprazamento

O Concello, de forma xustificada, por razóns urbanísticas, medio ambientais ou paisaxísticas e, dándolle audiencia aos interesados, establecerá a obriga de compartir o emprazamento por parte dos diferentes operadores, seguindo os trámites previstos na normativa estatal sobre utilización compartida de instalacións de telecomunicacións, de acordo cos planos de desenvolvemento propostos.

En todo caso, a obriga de compartir pódese desestimar se os operadores xustifican a imposibilidade técnica, ou se o Concello considera que o impacto medio ambiental ou visual do uso compartido poida ser superior ao das instalacións de radiocomunicacións que se pretendan instalar separadamente.

En caso de uso compartido, o custo do uso deberase asumir integramente polas empresas operadoras de servizos de radiocomunicación, exercendo o Concello funcións de arbitraje en caso de desacordo.

CAPÍTULO XIII.- LICENZAS

Artigo 73.- Requisitos para a autorización de actividades cualificadas

1. Os operadores que establezan redes soporte de servizos de radiodifusión sonora e televisión, e os titulares de licenzas individuais, presentarán un estudo detallado, realizado por un técnico competente na materia, que indique os niveis de exposición radioelétrica en áreas cercanas ás súas instalacións radioelétricas.

Os anteditos niveis de exposición, valorados tendo en conta o entorno radioelétrico, deberán cumprir os límites establecidos no anexo II do Real Decreto 1066/2001.

O estudo presentarse perante o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, incorporado no proxecto ou proposta técnica necesarios para solicitar a autorización das instalacións radioelétricas, segundo o establecido no Capítulo I, Título III, da Orde do nove de marzo de 2000, pola que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico.

2. Os operadores e titulares de licenzas individuais presentarán, simultaneamente e de forma complementaria ao devandito estudio, un proxecto de instalación de sinalización e, no seu caso, valado que restrinxa o acceso do persoal non profesional ás zonas en que puidesen superarse as restricións establecidas no devandito anexo II. Dita sinalización ou valado instalarse previamente á posta en servizo da instalación radioelétrica.
3. Sen prexuízo do establecido no apartado 1 deste artigo, a aprobación definitiva das instalacións estará condicionada á non superación dos límites de exposición xa especificados.
4. Non se poderán establecer novas instalacións radioelétricas ou modificarse as xa existentes cando o seu funcionamento supoña a superación dos límites de exposición permitidos.

Artigo 74.- Licenzas urbanísticas

Na solicitude e tramitación das licenzas urbanísticas para as instalacións de radiocomunicación en calquera clase de solo, a antedita licenza só se poderá outorgar previa aprobación do Plano de Implantación e sempre que este Plano se axuste ás súas previsións ou ás progresivas actualizacións.

Artigo 75.- Suxeición a licenza

1. Consonte á Lei do solo de Galicia (Lei), e ó art. 10 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, estará sometida a licenza municipal a instalación con obra dos equipos de telecomunicacións.
2. Para os efectos desta Ordenanza, as actividades reguladas nelas clasificaranse en:
 - o Actividades inocuas
 - o Actividades cualificadas
3. Son actividades inocuas as actuacións que teñen por obxecto a instalación de antenas de telefonía de reducidas dimensións, estacións para usuarios de telefonía fixa con acceso vía radio, colectores de nodos finais de redes de telecomunicacións por cableado, antenas receptoras de sinais de radiodifusión sonora e televisión, estacións de radioaficionados, así como a instalación en fachadas de cableados ou canalizacións pertencentes a redes de telecomunicacións por cableado.
4. Son actividades cualificadas as actuacións que teñen por obxecto a instalación de estacións de base de telefonía, así como aquelas que teñen por obxecto a instalación dos equipos e elementos pertencentes a estacións emisoras, repetidoras, reemisoras dos servizos de radiodifusión sonora e televisión, e a instalación de estacións de radioenlaces e radiocomunicacións para o uso exclusivo dunha soa entidade.

Artigo 76.- Licenzas en solo rústico

A solicitude de licenza presentárase no Concello, que trasladará o expediente ao órgano da Consellaría de Política Territorial e Urbanismo competente na materia. O Concello emitirá un dictame sobre as solicitudes de licenza en solo urbanístico, e nel fará constar todo o referido ao impacto ou afectación da instalación sobre o medio e a proximidade a vivendas ou zonas habitadas. O informe será negativo se non se cumpren, como mínimo, as distancias esixidas para as instalacións no solo urbano.

Artigo 77.- Disposicións particulares aplicábeis ás actividades cualificadas.

1. Ademais da documentación requirida con carácter xeral para as normas de procedemento do PXOU que sexa necesaria e congruente coa natureza e características da instalación de que se trate, requirírase a presentación dun proxecto técnico, asinado polo técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional, no que se inclúa, como mínimo, a documentación seguinte:
 - a. Estudo de cualificación ambiental que describa con detalle a posible incidencia da implantación e funcionamento da instalación no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do seu entorno, con indicación dos datos seguintes:
 - Acreditación do cumprimento das normas e directrices dictadas polos órganos competentes da Administración do Estado en materia de saúde ambiental. Para estes efectos, achegarase a xustificación da aprobación do Proxecto Técnico polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.
 - Impactos ambientais producidos por rúidos e vibracións e pola expulsión forzada de aire quente ou viciado.
 - Impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.
 - Medidas correctoras que se propoñen adoptar para eliminar os impactos e o grao de eficacia previsto.
 - Orzamento da obra que fose necesario realizar e da instalación.
 - b. Documentación gráfica ilustrativa do impacto visual da instalación desde o nivel da vía pública e xustificativa da localización e da solución de instalación, na que se inclúan:
 1. Fotomontaxes:
 - Frontal de instalación (cando fose posíbel).

- Lateral dereito: desde a beirarrúa contraria á vía, a 50 metros da instalación.
- Lateral esquerdo: desde a beirarrúa contraria á vía, a 50 metros da instalación.

De o estimaren procedente os servizos técnicos municipais, deberá achegarse, ademais, simulación gráfica do impacto visual desde a perspectiva da visión do viandante ou desde outros puntos.

2. Plano, a escala adecuada, da localización da instalación e do trazado cableado (a súa situación nos trazados verticais e horizontais), de se realizar a instalación na fachada exterior.
 - c. Farase referencia ao Plano de Implantación previamente aprobado que contemple as características da instalación para a que se solicita a licenza.
 - d. Medidas correctoras adoptadas para a protección contra as descargas eléctricas de orixe atmosférica.
 - e. Declaración e compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade, estabilidade e ornamentación.
2. Será preceptivo o informe favorábel dos servizos municipais competentes en materia de medio ambiente, de patrimonio histórico e de estética urbana, e cando proceda segundo a normativa sectorial aplicábel, o informe dos órganos ou institucións competentes en materia de protección do patrimonio histórico-artístico natural.

Artigo 78.- Disposicións particulares aplicábeis ás actividades inocuas

1. Coas solicitudes de licenza relativas ás actividades definidas como inocuas e que, consonte a esta Ordenanza precisen licenza municipal, achegarse a seguinte documentación:
 - a. Solicitud en impreso regulamentario.
 - b. Memoria descritiva e xustificativa das obras e instalacións con fotomontaxes e simulación gráfica do impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.
 - c. Planos a escala adecuada das obras e das instalacións, da localización da instalación na construción ou no edificio e do trazado do cableado se a instalación proxectada se realizase na fachada exterior.
 - d. Certificación da acreditación oficial da empresa responsábel das obras e instalacións.
2. Concederase simultaneamente a licenza que autorice as obras e a que autorice a instalación e o funcionamento da actividade ou instalación nas condicións referidas no documento da licenza, sen prexuízo das comprobacións que a administración municipal considere procedente realizar no exercicio das facultades de control e de disciplina que a normativa vixente lle outorga.

Artigo 79.- Disposicións de carácter xeral.

1. A documentación que se achegará á solicitude, da que se remitirán tres copias, presentarse no Rexistro xeral do Concello. Esta documentación achegarse coa documentación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias que determinen as ordenanzas fiscais correspondentes.
2. A falta desta documentación deberase corrixir nun prazo de dez días a partir da notificación que sobre estes efectos emita o Concello ao interesado. De non corrixirse no prazo sinalado, desestimarase a solicitude.
3. Daráselle audiencia aos posibles afectados polo outorgamento da licenza.
4. As licenzas para a instalación de servizos de radiocomunicación poderanse revisar a instancia do Concello cando transcorran, como mínimo, dous anos desde a súa autorización ou da súa última revisión, sempre que a evolución tecnolóxica faga posible aplicar solucións que diminúan o impacto visual, ou as modificacións do contorno fagan necesario reducir aquel impacto.
5. A competencia para resolver a petición correspóndelle ao alcalde. A resolución concedendo ou denegando a licenza urbanística deberase dictar no prazo de un mes

desde a entrada da solicitude no Rexistro. O cómputo do prazo de resolución quedará en suspenso durante o prazo que se lle conceda ao interesado para solucionar as deficiencias na súa solicitude, prazo de suspensión que non deberá exceder de tres meses. Non embargante, na tramitación dos expedientes relativos a licenzas sobre actividades cualificadas e as relativas a solo rústico, a resolución concedendo ou denegando a licenza emitirase no prazo de seis meses.

CAPÍTULO XIV.- INSPECCIÓN, REVISIÓN E CONSERVACIÓN

Artigo 80.- Inspección e certificación das instalacións radioelétricas

1. Será requisito previo á utilización do dominio público radioeléctrico por parte dos operadores, a inspección ou recoñecemento satisfactorio das instalacións polos servizos técnicos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, nos termos establecidos no artigo 65 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.
2. As instalacións realizaranse por instaladores de telecomunicacións inscritos, para o tipo correspondente de Telecomunicacións, segundo do disposto no Real Decreto 279/1999, do 22 de febreiro, polo que se aproba o regulamento das infraestructuras comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipos e sistemas de telecomunicacións.
3. Os titulares de licenzas individuais deberán remitir ao Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, no primeiro trimestre de cada ano natural, unha certificación emitida polo técnico competente de que se respectaron os límites de exposición establecidos nesta Ordenanza, durante ese ano e no anterior. Este Ministerio poderá ampliar esta obriga a titulares doutras instalacións radioelétricas.

Artigo 81.- Conservación e revisión

1. Os operadores teñen a obriga de manter as súas instalacións nas debidas condicións de seguridade, estabilidade e conservación, así coma a de incorporar as melloras tecnolóxicas que aparezan e contribuír a reducir os niveis de emisión dos sistemas de radiantes e a minimizar o impacto ambiental e visual de acordo coa finalidade desta disposición.
2. Os operadores terán que revisar as instalacións anualmente, notificando no prazo de tres meses á Consellería competente a acreditación de dita revisión, e ao Concello para a súa incorporación ao expediente.
3. Os titulares das instalacións teñen a obriga de emendar as deficiencias de conservación nun prazo máximo de quince días a partir da notificación da irregularidade. Cando existan situacións de perigo para as persoas ou bens, as medidas deberanse adoptar de maneira inmediata.
4. Nos supostos de cesamento definitivo da actividade ou existencia de elementos da instalación en desuso, o operador ou no seu caso o propietario das instalacións, deberá realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retirar os equipos de radiocomunicación ou os seus elementos e deixar o terreo, a construción ou o edificio que sirva de soporte a dita instalación, no estado anterior ao establecemento da mesma.
5. Cando os servizos municipais detecten un estado de conservación deficiente comunicaranos aos titulares da licenza para que adopten as medidas oportunas no prazo de quince días ou, inmediatamente, en caso de urxencia. De non ser así, a instalación poderá ser retirada polos servizos municipais, a cargo do obrigado.

Artigo 82.- Obrigados a cumprimento.

1. Quedan especificamente obrigados ao cumprimento da presente Ordenanza as empresas operadoras de telefonía móbil persoal e doutros servizos de telecomunicación e difusión, titulares das instalacións e antenas.
2. No caso de incumprimento dos preceptos desta Ordenanza, os servizos técnicos municipais poderán ordenar a adopción das medidas necesarias para restaurar a legalidade infrinxida, segundo o establecido no Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, e demais normativa aplicable.

3. As ordes de desmontaxe e retirada das instalacións de antenas realizaranse por empresas titulares da instalación no prazo máximo de quince días, ou inmediatamente no caso de urxencia.
4. As medidas de execución subsidiaria son independentes e compatíbeis coas medidas que se poidan impoñer en concepto de sanción.

TÍTULO IV.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

CAPÍTULO XV.- RÉXIME E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 83.- Infraccións

Será obxecto de sanción o incumprimento das prescricións contidas nesta Ordenanza.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Consideraranse infraccións leves:

- O depósito de materiais, casetas, colectores e similares, nos lugares non autorizados.
- A compactación deficiente ou recheo con materiais inadecuados das gabias e calas.
- A afección non autorizada ou negligente ao Patrimonio Municipal ou a calquera servizo existente, sen prexuízo da indemnización correspondente.
- A demora na corrección dos defectos observados na realización das obras unha vez concluído o prazo para reparalos.
- O atraso na execución das obras respecto do prazo sinalado, sen ter solicitado a correspondente prórroga.
- A falta de limpeza na obra.
- A non presentación da licenza a requirimento do persoal autorizado.
- O incumprimento das prescricións reguladas nesta Ordenanza que non teñan a consideración de graves ou moi graves.

Consideraranse infraccións graves:

- Contratar obras con empresas non homologadas.
- A execución de obras sen a licenza correspondente.
- A ausencia e a mala colocación de valos e outros elementos de seguridade e sinalización necesarios que poidan significar perigo para os usuarios da vía pública.
- A modificación do trazado establecido na licenza, sen previa autorización por escrito do Concello.
- A vulneración do disposto no Decreto 352/2002, que regula a produción de residuos da construción e derruba.
- O funcionamento de actividades con equipos de comunicación sen respectar as condicións que figuren incorporadas á autorización ou licenza concedida.
- O incumprimento dos deberes de conservación, certificación, revisión e retirada das instalacións dos equipos de telecomunicacións.
- O incumprimento dos prazos de adecuación das instalacións existentes establecidos na disposición transitoria única do Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro.
- A comisión de tres faltas leves no período de dous meses.

Consideraranse infraccións moi graves:

- A falsidade documental.
- A construción de instalacións de telecomunicacións que non estean incluídas nos Planos de Implantación.
- O funcionamento da actividade superando os niveis máximos de emisión de radiación e as distancias de seguridade legalmente vixentes.
- A comisión de tres faltas graves no período de dous meses.

Artigo 84.- Prescrición das infraccións.

O prazo de prescrición para as infraccións moi graves será de cinco anos, para as graves de tres anos e para as leves de un ano e comezará a computarse desde o día en que se cometese a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que debese incoarse o procedemento sancionador.

Artigo 85.- Suxeitos responsábeis

Consideraranse responsábeis directos das infraccións tipificadas nesta Ordenanza as empresas constructoras das obras, sen prexuízo das responsabilidades que se deriven ao titular da licenza.

Artigo 86.- Sancións

- As infraccións cualificadas como leves sancionaranse con multa de 300 a 6.000 euros e, como mínimo, o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- As infraccións cualificadas como graves sancionaranse con multa de 6.001 a 50.000 euros e, como mínimo, o 8% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- As infraccións cualificadas como moi graves sancionaranse con multa de 50.001 a 100.000 euros e, como mínimo, o 15% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.

Na aplicación das sancións atenderase ao grao de culpabilidade ou dolo, importancia da falta cometida, perigosidade que implique a infracción, reincidencia ou reiteración e a entidade económica dos danos constitutivos da infracción.

As sancións impostas pola comisión de faltas moi graves prescribirán aos catro anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

Artigo 87.- Reparación de deficiencias, danos e prexuízos

As sancións que se impoñan entenderanse sen prexuízo da obriga do infractor de reparar as deficiencias observadas no prazo que establezan os Servizos Municipais. Transcorrido dito prazo sen que se procedese a corrixir as deficiencias, o Concello efectuará, a cargo do infractor, os traballos necesarios. Así mesmo, será esixible a correspondente indemnización polos danos e prexuízos causados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

No prazo de un ano, contado a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, Concello creará un rexistro especial no que se inscribirán tódalas instalacións de emisión e recepción dos servizos de telecomunicacións existentes no Concello de Arteixo. A inscrición rexistral realizarase de oficio ou a instancia dos interesados, e conterá os datos relativos ao titular da licenza e ás condicións impostas para a autorización da instalación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días de publicarse a súa aprobación definitiva e o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia."